

Rematado o prazo de reclamacións á listaxe provisional de persoal admitido e excluído para optar á provisión, en comisión de servizos, dos postos ofertados por resolución da Xerencia do 24 de xuño de 2025, o xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril) modificada pola resolución reitoral do 26 de Setembro de 2023 (DOG do 5 de Outubro) e, de conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento de Mobilidade do PAS Funcionario da USC, aprobado por Consello de Goberno do 30 de Outubro de 2020, pola que se establece o procedemento para a adxudicación de comisións de servizo resolve,

- Elevar a definitiva a relación de persoas admitidas e excluídas publicada o 02/07/2025
- Declarar deserto o posto de responsable administrativo do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación por non haber persoas candidatas

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo citado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/07/2025 11:24:09.

CSV: 0DF6-2D55-411A-8CC2